

DECRETO

Expediente: 968/2024

Asunto: Avocación de competencias para aprobación do expediente de contratación das obras “RENOVACIÓN DEPÓSITO A VILA DO CONCELLO DE PORTO DO SON (FINANCIADO CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL AÑO 2024)”.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUISO, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), e a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos sector público (LCSP), dita a seguinte resolución:

Mediante providencia de Alcaldía, de data 13/05/2024, ordeouse a incoación do correspondente expediente administrativo de contratación por procedemento aberto da obra “Renovación depósito A Vila do concello de Porto do Son” (Fondo de compensación ambiental 2024) con base na xustificación recollida no informe xustificativo.

Vista a documentación que integra o expediente:

1. Proxecto da actuación redactado polo enxeñeiro ICCP con número de colexiado 23.446, para a renovación do depósito de subministro de agua da zona 1 do do Concello de Porto do Son asinado en data 22/02/2024
2. A Orde “*Orden del 28 de diciembre de 2023 por la que se regulan los criterios de repartición y se establecen las bases reguladoras y la convocatoria de subvenciones en la línea de concurrencia no competitiva y en la línea de concurrencia competitiva del Fondo de Compensación Ambiental para el año 2024, de forma individual y mediante el sistema de gestión compartida, destinadas a entidades locales de Galicia*”, (códigos de procedimemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D), publicada no DOG, núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024. A subvención solicitouse por Decreto da Alcaldía 2024-0192 de 23/02/2024, estando á data do informe pendente a súa concesión definitiva
3. Informe técnico emitido pola arquitecta municipal dona Elsa González Villarino, en data de 23/02/2024 en aplicación do previsto no artigo 147 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia relativo à viabilidade urbanística da obra proxectada.
4. Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola Alcaldía do Concello en data de 13/05/2024
5. Consta Providencia de Alcaldía de incoación de expediente de contratación de data de 13/05/2024.
6. Informe de 27/05/2024 emitido pola Interventora municipal sobor da tramitación anticipada do expediente.
7. Prego de prescricións técnicas consistentes no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro ICCP Vicente Lourido Vazquez con número de colexiado 23.446 denominado “Renovación depósito A Vila do concello de Porto do Son”, asinado en data de 22/02/2024. Consta ademáis acta de replanteo previo, informe de non división en lotes e anexo de medios persoais e materiais.





8. Constan no expediente Proposta de Pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores do Contrato asinado pola Alcaldía do Concello en data de 31.05.2024 tendo en conta o Informe xustificativo da ponderación dos criterios subxectivos empregados para a adxudicación do contrato a incluír no PCAP emitido polo redactor do proxecto en atención á natureza da obra (R.E. nº 1338 de 27/05/2024) e que consta no expediente.

9. Informe favorable da Secretaria municipal de data 31/05/2024.

10. Informe da Interventora municipal, de data 03/06/2024 fiscalizando de conformidade.

Ao abeiro do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en relación coa DA II da mesma lei, e de conformidade coa resolución de alcaldía núm. 806/2023, de 2 de xullo (BOP nº 142, de 27 de xullo de 2023), pola que se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para *“13. As competencias da Alcaldía como órgano de contratación para as contratacións de obras, subministracións, servizos, contratos de concesión de obras, contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (...)”*, no presente contrato atopámonos no citado suposto.

Conforme ao artigo 10.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público que establece que *“1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente”*, no caso concreto xustificase a avocación da competencia da Xunta de Goberno Local en atención aos prazos de execución do citado contrato e aos prazos de xustificación da subvención (Fondo de compensación ambiental) e dado que a Xunta de Goberno Local convocada para o día 05/06/2024 non se celebrou por ausencia de quorum ante o falecemento dun Concelleiro da Corporación, non concorrendo ningún concelleiro.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar en aplicación do previsto no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a competencia para adoptar o presente acordo por razón da urxencia en atención ao prazo de execución do presente contrato suxeito a subvención (Fondo de compensación ambiental 2024).

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Renovación depósito A Vila do concello de Porto do Son” redactado polo enxeñeiro ICCP Vicente Lourido Vazquez con número de Colexiado 23.446 asinado en data de 22/02/2024.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación xunto cos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que obran no expediente 968/2024, mediante procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación e **tramitación ordinaria** do contrato de obra denominado “Renovación depósito A Vila do concello de Porto do Son”.





Cuarto.- Autorizar o gasto, mediante **procedemento de tramitación anticipada**, por importe de 108.900,00€ IVE incluído (Valor estimado 90.000,00 € máis 18.900,00€ de IVE) con cargo a aplicación orzamentaria 171.62300 do orzamento municipal vixente.

O expediente de contratación tramítase anticipadamente por depender a súa financiación da concesión da subvención solicitada no marco da orde *“Orden del 28 de diciembre de 2023 por la que se regulan los criterios de repartición y se establecen las bases reguladoras y la convocatoria de subvenciones en la línea de concurrencia no competitiva y en la línea de concurrencia competitiva del Fondo de Compensación Ambiental para el año 2024, de forma individual y mediante el sistema de gestión compartida, destinadas a entidades locales de Galicia”*, (códigos de procedimientu PR483A, PR483B, PR483C e PR483D), publicada no DOG, núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024.

Por tanto, sométese a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato. Se finalmente non se recibe o financiamento esperado, renunciarase ao contrato, sen que ningún dos licitadores ou ofertantes teña dereito a financiamento algunha, ao coñecer de antemán o risco da posibilidade de que finalmente non se consolidase o crédito necesario.

Quinto.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público e no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

